



ROSA CAMELO e outras historias

FalaRedes 2019 presenta unha nova proposta de dinamización lingüística para traballar os roles e os estereotipos de xénero.

A oitava edición do FalaRedes, o programa de dinamización do galego da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dálle a benvinda ao outono cunha nova actividade de lecer dirixida ao público familiar con cativada dos catro aos oito anos que chegará, da man de **Talía Teatro**, a 15 concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) ata novembro.

Illada nun xardín, Margarida é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo... Cando seus pais desisten desa idea, descubrirá o significado da liberdade e abrialles o camiño da igualdade ás súas compañeiras. **Rosa Caramelo** é un espectáculo teatral de dinamización lingüística creado a partir dos contos de **Adela Turín** que lles dá a volta a roles e estereotipos de xénero. **Rosa Caramelo**, **A historia dos bonobos con lentes**, **Unha feliz catástrofe** e **Artur e Clementina** combinan a palabra coa música en directo, para crear unha atmosfera adecuada coa que desmontar prexuízos sobre actitudes e aptitudes de mulleres e homes.

Interpretada por Artur Trillo con música en directo de Fernando Fraga e baixo a dirección de Paula Carballeira, poderase gozar, do 5 de outubro ao 23 de novembro, en Ribadavia, A Rúa, Vilamarín, Bueu, Ordes, Laxe, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Viana do Bolo, Negreira, Lalín, Trazo, Burela, O Porriño e Vilagarcía de Arousa.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada a todas as funcións é libre e de balde ata completar a capacidade dos espazos programados. Toda a información sobre a oitava edición está dispoñible no Portal da Lingua Galega <http://www.lingua.gal/FalaRedes> e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

ROSA CARAMELO, e outras historias

OUTUBRO

- Sábado 5: **Ribadavia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Domingo 6: **A Rúa**, no Centro Cultural Avenida, ás 17:00 horas
- Sábado 12: **Vilamarín**, no Centro Cultural, ás 17:00 horas
- Domingo 13: **Bueu**, no Centro Social do Mar, ás 18:00 horas
- Venres 18: **Ordes**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 19:30 horas
- Domingo 20: **Laxe**, no salón de actos culturais municipal, ás 19:30 horas
- Venres 25: **Monforte de Lemos**, no Edificio Multiúsos, ás 19:00 horas
- Domingo 27: **Mondoñedo**, na Casa da Xuventude, ás 19:00 horas

NOVEMBRO

- Venres 1: **Viana do Bolo**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Domingo 3: **Negreira**, no auditorio do Centro Sociocultural, ás 13:00 horas
- Venres 15: **Lalín**, no Salón Teatro ás 19:00 horas
- Sábado 16: **Trazo**, no Centro Social Polivalente, ás 12:00 horas
- Domingo 17: **Burela**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Venres 22: **O Porriño**, na Biblioteca Pública Municipal, ás 18:00 horas
- Sábado 23: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 19:30 horas

